

ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

OBRA ACONDICIONAMENTO OZA-CIBRÁN DO POS 2008

A XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE XULLO DE 2008 ACORDOU:

Con data vinte e catro de xuño do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Dago, S.A o contrato da obra de *acondicionamento da estrada Oza-Cibrán* no prezo de noventa e catro mil novecentos cincuenta e sete euros con setenta e seis céntimos (#94.957,76#) máis IVE, publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) con data vinte e seis de xuño

Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos

Examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente no acondicionamento da estrada Oza-Cibrán, por procedemento negociado, oferta economicamente máis vantaxosa

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 511-601 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificar a adxudicación definitiva ós licitadores que non resultaron adxudicatarios

Cuarto.- Notificarlle a Dago, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Quinto.- Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante e no BOP

Sexto.- Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta d ereplanteo e inicio da obra

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007

